

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**20676** *REAL DECRETO-LEI 9/1998, do 28 de agosto, polo que se aproban e declaran de interese xeral determinadas obras hidráulicas. («BOE» 207, do 29-8-1998.)*

A posible demora na aprobación do Plan Hidrolóxico Nacional non debe impedi-la posta en marcha de determinadas actuacións hidráulicas, demandadas por amplos sectores da poboación e repartidas pola case totalidade do territorio nacional. Trátase de obras incursas dentro da necesaria planificación hidrolóxica, actuacións de infraestrutura básica e de equipamento que cómpre realizar tanto en cuncas intercomunitarias coma intracomunitarias, dunha necesidade que resulta premente e que teñen que ser abordadas e financiadas polo Estado, en todo ou en parte, segundo o caso, dado o seu evidente carácter de interese xeral da nación e que, de acordo co artigo 44 da Lei de augas, deben ser aprobadas por lei e incorporadas ó Plan Hidrolóxico Nacional.

As actuacións previstas corresponden tanto a obras de abastecemento de augas, de regulación e de laminación de avenidas, de actuacións relativas a depuración de augas residuais que pretenden dar cumprimento á Directiva 91/271/CEE, do 21 de maio, sobre o tratamento das augas residuais urbanas, incorporada ó ordenamento interno polo Real decreto-lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ó tratamento das augas residuais urbanas, así como a outras obras de infraestrutura hidráulica para aproveitamento de regadío.

Neste sentido resulta necesario proceder á declaración de interese xeral de tales obras hidráulicas, ó abeiro das competencias que cabe atribuírle ó Estado de conformidade co artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 22.<sup>a</sup> e 24.<sup>a</sup> da Constitución.

Varias das actuacións previstas preténdense financiar en parte mediante fondos comunitarios, polo que resulta necesario que a súa licitación e posterior contratación se realice coa maior urxencia posible, posto que, de modo contrario, non poderían acollerse á dita fórmula de cofinanciamento comunitario.

A iso súmaselle a urxencia de completa-la nosa infraestrutura hidráulica co fin de dar resposta anticipada, tanto ante as demandas de recursos hídricos para lles dar solución a futuras situacións de seca, como a potencia-la prevención de enchentes, instrumentando, sen demora, as obras prioritarias que se vaian executar, entre outros procedementos, a través das sociedades estatais creadas ó abeiro do artigo 158.cinco da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

De acordo co anterior, parece claro que o instrumento normativo adecuado para o cumprimento de tódolos obxectivos antes expostos esixe a utilización do real

decreto-lei, previsto no artigo 86 da Constitución española, posto que, por unha banda, a dita norma dispón do rango legal necesario que a propia lexislación esixe para cubri-los obxectivos previstos, e, por outra, concorren no presente suposto as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade a que se refire o dito artigo.

As características das obras previstas e as circunstancias que concorren nelas aconsellan, así mesmo, declara-la súa utilidade pública así como a urxente ocupación dos bens afectados pola súa realización para os efectos previstos na Lei de expropiación forzosa.

Para cada unha das actuacións de infraestrutura hidráulica, tanto as que lle corresponde acometer ó Ministerio de Medio Ambiente e de Agricultura, Pesca e Alimentación, recóllese en cadanseu anexo unha breve explicación da súa necesidade e das súas principais características.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta das ministras de Medio Ambiente e de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 1998,

### DISPONGO:

#### Artigo 1.

Para efectos do establecido no artigo 44 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, apróbanse e decláranse como obras hidráulicas de interese xeral da nación:

A) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Norte:

1. Depósito novo de El Cristo para abastecemento de auga a Oviedo.
2. Depósito xeral de auga tratada de Cadasa.

B) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Douro: Acondicionamento da canle de El Páramo e balsas de regulación.

C) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Texo: Saneamento e depuración en aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes nas comarcas agrarias de Jaraiz de la Vera, Cáceres e Hervás e nos municipios fronteirizos con Portugal (Cáceres).

D) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Guadiana:

1. Condución desde a presa de Torre de Abraham a Gasset para abastecemento de Ciudad Real e a súa comarca.
2. Condución de abastecemento na marxe esquerda dos ríos Zújar e Guadiana.
3. Rexeneración de marxes e protección ante enchentes do río Guadiana entre o río Matachel e a presa de Montijo.
4. Mellora do abastecemento de auga a Badajoz e poboacións da súa contorna.

5. Subministración e instalación de caudalímetros e limitadores de caudal nos acuíferos da Mancha Occidental 04.04 e do Campo de Montiel 04.06.

6. Defensa contra enchentes do regato Albarregas.

7. Defensa contra enchentes dos regatos Rivillas e Calamón.

8. Saneamento e depuración de augas residuais urbanas en Vegas Bajas.

9. Saneamento e depuración de augas residuais urbanas na zona de influencia do río Guadajira.

10. Regulación do sifón do Odiel.

11. Presa de Alcolea.

12. Saneamento e depuración de augas residuais urbanas na comarca de Campiña Sur (Badajoz).

13. Presa de La Colada.

E) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir:

1. Remodelación do río Guadalquivir ó seu paso polo termo municipal de Córdoba.

2. Saneamento e depuración de augas residuais do municipio de Azuaga (Badajoz).

3. Interconexión dos sistemas do Víboras e Quiebrajano.

F) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Sur:

1. Canalización do río Andarax, tramo final.

2. Conexión Negratín-Almanzora.

3. Conexión presa de Cuevas del Almanzora-Poniente Almeriense.

4. Actuacións para defensa e recarga dos acuíferos do Poniente Almeriense.

5. Presa do encoro de Canjáyar.

6. Presa do encoro de Nacimiento.

G) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Júcar:

1. Restitución e adaptación do leito natural do barranco de Poyo (Valencia).

2. Transferencia de recursos hídricos do Júcar á área Vinalopó-Alacantí-Marina Baja (Alacant).

3. Proxecto de conducción Turia-Picassent para garantía do abastecemento de Valencia.

4. Abastecemento de Albacete.

H) No ámbito da Confederación Hidrográfica do Ebro:

1. Abastecemento de augas a Zaragoza e a súa contorna.

2. Abastecemento a Lleida e a súa comarca desde o encoro de Santa Ana.

3. Abastecemento mancomunado ós núcleos do Baixo Ebro Aragonés.

4. Elevacións para os regadíos da Litera Alta.

5. Elevacións do Ebro ós regadíos infradotados da marxe dereita do Ebro, tramo Zaragoza-Fayón.

6. Encoros laterais no sistema de regas de Bardenas.

I) No ámbito das Illes Balears: arterias de condución e depósitos reguladores para o abastecemento de auga ós municipios de Calviá e Andratx (Mallorca).

As finalidades e características das obras indicadas anteriormente recóllense no anexo I da presente disposición.

## Artigo 2.

Decláranse igualmente de interese xeral as seguintes obras hidráulicas relacionadas de modo directo con aproveitamento de rega que se concretan neste artigo. Co obxecto de establece-lo seu réxime de financiamento,

será de aplicación a clasificación que delas teña establecida cada comunidade autónoma, de acordo co Decreto 118/1973, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o texto da Lei de reforma e desenvolvemento agrario:

1. Balsa de El Serrón-zona regable da canle de La Retención (Palencia).

2. Recarga do acuífero de El Carracillo. Obras de toma, condución principal, infiltración e adecuación das zonas regables (Segovia).

3. Recarga do acuífero da cubeta de Santiuste de San Juan Bautista. Obras de toma, condución principal, infiltración e adecuación das zonas regables (Segovia).

4. Proxecto complementario de reparación de danos por inundacións nas obras de canalización do río Ucieza (Palencia).

5. Proxecto complementario de reparación de danos por inundacións nas obras de canalización do río Valdecuriada (Palencia).

6. Acondicionamento da rede de canles de rega en Ardón (León).

7. Acondicionamento da rede de canles de rega en San Esteban de Nogales (León).

8. Proxecto de substitución de canles da rede de rega na zona de concentración parcelaria de Castrocabón (León).

9. Proxecto de mellora da captación da estación elevadora da zona regable da marxe esquerda do río Esla en Barcial del Barco (Zamora).

10. Acondicionamento e mellora do regadío existente en Huerta de Valdecarábanos (Toledo).

11. Condución desde o encoro do Fresneda á zona regable de Mirones, no predio «Encomienda de Mudela», termo municipal de Calzada de Calatrava (Ciudad Real).

12. Actualización, racionalización e mellora da rede de regas e instalacións anexas da zona regable de El Saltador. Huércal-Overa (Almería).

13. Mellora do regadío de Mira (Cuenca).

14. Mellora do regadío de Landete (Cuenca).

15. Mejora del regadío de Cañete (Cuenca).

16. Transformación en regadío do sector V da zona regable de Monegros II (Zaragoza-Huesca).

17. Proxecto de rede de camiños do sector VIII de Monegros II, 1.<sup>a</sup> parte-2.<sup>a</sup> fase, termos municipais de Almolda e Bujaraloz en Zaragoza e Peñalba e Fraga en Huesca.

18. Proxecto de entroncamentos e drenaxes nos sectores I e II, e desaugamento de Valdepatao, en Monegros II (Huesca).

19. Proxecto de obras de recubrimento con formigón, do tramo final do río Guarre e parte dos brazais XII e XIII da paraxe de El Cabezuelo Alfaro (La Rioja).

20. Proxecto de plan de mellora de regadíos fase I da Comunidade de Regantes Río Ebro de Alfaro (La Rioja).

21. Proxecto de revestimento con formigón de dous tramos da canle de rega Madre Casco Dehesilla, en Calahorra (La Rioja).

22. Proxecto de revestimento con formigón dun tramo da canle de rega Madre General de La Ribera, en Calahorra (La Rioja).

23. Proxecto de entubación e regulación da canle de rega principal de Cubells-Camarasa (Lleida).

24. Proxecto de mellora da rega da Comunidade de Regantes da Canle de Sant Llorens e Gerb-2.<sup>a</sup> fase, termo municipal de Os de Balaguer (Lleida).

25. Modernización do regadío da Comunidade de Regantes da Canle de los Cuatro Pueblos. Alto Urgell (Lleida).

26. Mellora da Comunidade de Regantes número 3 de Bellcaire de Urgell (Lleida).

27. Mellora do sistema de rega na conducción principal, obras auxiliares e rede de rega (I, II e III fases), Xerta (Tarragona).

28. Estación de bombeo para desaugamento superficial da zona da Fortaleza en Poble Nou del Delta. Amposta (Tarragona).

29. Mellora do abastecemento de auga para rega e rede de distribución na illa de Gracia. Delta do Ebro (Tarragona).

30. Substitución de comportas automáticas en desaugadoiros do Delta Esquerdo do Ebro. Perelló Deltebre (Tarragona).

31. Proxecto de drenaxe do Plà de Sant Jordi-sector I (Palma de Mallorca).

32. Proxecto de acondicionamento das obras e instalacións para a rega de La Marineta Petra-Aryani (Mallorca).

33. Mellora e modernización dos regadíos tradicionais da Vega Alta do río Segura, termo municipal de Cieza (Murcia).

34. Plan de modernización dos regadíos tradicionais de Jumilla, 2.<sup>a</sup> fase. Proxecto de conduccións secundarias (Murcia).

35. Mellora de canle de rega en Bolvir. Cerdaña (Girona).

36. Rede secundaria de distribución de augas depuradas desde Montaña de los Vélez, 2.<sup>a</sup> fase. Las Palmas.

37. Distribución de augas depuradas do sueste, tramo Casa Pastores-Tirajana. Las Palmas.

As finalidades e características das obras indicadas anteriormente recóllense no anexo II deste real decreto-lei.

### Artigo 3.

As obras incluídas nos artigos 1 e 2 deste real decreto-lei levarán implícitas as declaracións seguintes:

A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

A de urxencia, para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

### Disposición derradeira única

O presente real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Palma de Mallorca o 28 de agosto de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## ANEXO I

Características das obras hidráulicas que se declaran de interese xeral no artigo 1:

A.1 Depósito novo de El Cristo para abastecemento de auga a Oviedo.

As obras inclúen a construción dun depósito de auga tratada cunha capacidade de 75.000 metros cúbicos, ampliable no futuro ata 100.000 metros cúbicos, para substituí-los actuais depósitos, que se atopan en precaria situación estrutural e constitúen o dispositivo básico de regulación do abastecemento de auga, a partir do sistema Aramo-Quirós, á cidade de Oviedo, que ten unha poboación actual duns 200.000 habitantes.

A.2 Depósito xeral de auga tratada de Cadasa.

O dispositivo xeral de abastecemento á zona central de Asturias do Consorcio de Aguas de Asturias, que dá servizo a unha poboación superior a 700.000 habitantes e á demanda industrial da área, carece dun elemento de regulación dos caudais de auga tratada. As obras consisten na construción dun depósito de 130.000 metros cúbicos de capacidade que, ademais de regula-la demanda, permitirá garantir unha reserva de auga adecuada fronte a avarías ou imprevistos na explotación do abastecemento.

B.1 Acondicionamento da Canle de El Páramo e balsas de regulación.

O obxecto do presente proxecto é regar un polígono de 5.858 hectáreas netas, que non son dominadas pola canle de El Páramo Bajo, e si pola canle xeral de El Páramo e os seus ramais derivados, en explotación desde hai máis de trinta anos, executando neles as transformacións necesarias para adaptalo ás novas demandas, para engadir ás existentes. As actuacións estruturáronse en catro fases, e inclúen a execución dunha toma complementaria para a canle xeral, o acondicionamento das canles xeral de El Páramo, Santa María, Matalobos, La Mata e Grisuela, a automatización total, e a construción de tres balsas, a primeira en Matalobos, de 192.000 metros cúbicos de capacidade; a segunda en Santa María, de 199.000 metros cúbicos de capacidade, e a terceira en Fontecha, de 182.000 metros cúbicos de capacidade. Tamén se inclúe a canalización do regato Ahogaborricos.

C.1 Saneamento e depuración en aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes nas comarcas agrarias de Jaraíz de la Vera, Cáceres e Hervás e nos municipios fronteirizos con Portugal (Cáceres).

Trátase de lles dar cumprimento ás condicións impostas pola Directiva 91/271/CEE, relativa ás augas residuais urbanas, transposta ó ordenamento interno polo Real decreto-lei 11/1995, do 28 de decembro.

Os núcleos de poboación afectados agrúpanse en catro comarcas e representan un total de 139.300 habitantes equivalentes. Na comarca agraria de Jaraíz de la Vera as actuacións afectan a oito municipios, que representan 43.400 habitantes equivalentes; na comarca agraria de Cáceres, a once municipios, con 46.000 habitantes equivalentes, e na comarca agraria de Hervás, a sete municipios, con 22.200 habitantes equivalentes. Actúase, ademais, sobre sete municipios fronteirizos con Portugal, que supoñen 27.700 habitantes equivalentes.

D.1 Conducción desde a presa de Torre de Abraham ó encoro de Gasset para abastecemento de Ciudad Real e a súa comarca.

As obras incluídas neste proxecto comprenden a unión entre a presa de Torre de Abraham, que unha vez recrecida terá unha capacidade de 185 hectómetros cúbicos, co encoro de Gasset, de 41,7 hectómetros cúbicos de capacidade, para garanti-las dispoñibilidades de auga dedicada ó abastecemento humano de Ciudad Real e a súa comarca. Trátase de evitar que se volvan repeti-las graves restriccións padecidas nos últimos anos. A tubería que se proxecta parte da cámara de chaves da presa de Torre de Abraham e discorre polos termos municipais de Retuerta del Bullaque, Porzuna e Malagón. Ten unha lonxitude de 42,246 quilómetros, ata acada-la cola do encoro de Gasset. O diámetro é de 1.000 milímetros, e prevese de fundición dúctil.

D.2 Conducción de abastecemento na marxe esquerda dos ríos Zújar e Guadiana.

A obra consiste na construción dunha tubería que, partindo da presa do Zújar e discorrendo sensiblemente paralela á canle do Zújar, e en máis dun 90 por 100 do seu percorrido, dentro da franxa expropiada deste vai entretecendo as diversas tomas de abastecemento que na actualidade derivan auga da canle. Ten unha lonxitude total de máis de 42 quilómetros e un diámetro variable desde os 1.200 milímetros do inicio ós 500 milímetros do seu tramo final. A totalidade da poboación afectada supera os 150.000 habitantes, e inclúe as comunidades de augas de El Zújar, Vegas Altas, La Coronada, La Haba e Magacela, así como as poboacións de Campanario, Villanueva de la Serena e Don Benito.

**D.3** Rexeneración das marxes e protección ante enchentes do río Guadiana entre o río Matachel e a presa de Montijo.

O obxectivo principal consiste na recuperación ambiental do río; restauración das súas marxes, en especial, zonas degradadas pola explotación de antigas graveiras; repoboación de diversas áreas con plantacións arbustivas e arbóreas autóctonas, e protección do ecosistema de ribeira. Asemade, posibilitase a evacuación de caudais de enchentes e a utilización de terreos inundables, con frecuencia asumibles para usos sociais ou de esparexemento. O tramo do río que se vai acondicionar ten unha lonxitude duns 20 quilómetros e nel diferéncianse tres subtramos, destacando o central, no cal se realizará unha canalización dunha lonxitude de 2,35 quilómetros, que ten como misión fundamental posibilita-la evacuación dos caudais de avenidas e ó mesmo tempo a utilización dos terreos das marxes inundables para usos sociais e de esparexemento da cidade.

**D.4** Mellora do abastecemento de auga a Badajoz e poboacións da súa contorna.

A finalidade desta actuación é conseguir-la subministración de auga en condicións adecuadas de cantidade e calidade para o abastecemento de Badajoz e as poboacións de Valdebotoa, Gévora, Sagrajas, Novelda del Guadiana, Balboa, Alvarado e La Albuera. A poboación que vai servir no ano horizonte ascende a 187.000 habitantes. As obras consistirán nunha traída de auga desde a presa de Villar del Rey ata a ETAP de Santa Engracia, cunha lonxitude de 31 quilómetros, un anel exterior de 42 quilómetros e unha nova conduxión para completa-lo anel interior que interconecta os depósitos do Cerro de la Luneta cos previstos no Cerro del Bote.

**D.5** Subministración e instalación de caudalímetros e limitadores de caudal nos acuíferos da Mancha Occidental 04.04 e do Campo de Montiel 04.06.

A explotación dos acuíferos da zona oriental do Guadiana, entre eles o acuífero da Mancha-Occidental e o do Campo de Montiel, ten unha significativa incidencia sobre o ámbito territorial en que se localizan. Para poder cuantificar os volumes de auga extraídos por cada titular no seu aproveitamento, requírese a instalación de caudalímetros que permitan o control da evolución dos acuíferos.

**D.6** Defensa contra enchentes do regato Albarregas.

A finalidade desta actuación é conseguir-la adecuada protección das poboacións de Mérida e Trujillanos fronte ás enchentes do regato Albarregas. As obras que se van realizar consistirán no acondicionamento dos leitos e canalizacións existentes ós caudais resultantes, segundo os criterios de dimensionamento aplicados, tendo en conta a influencia da laminación acadada, gracias ás oportunas obras de regulación no propio leito do regato

Albarregas e nos dos seus afluentes, mediante o recrecido da presa de Casa Herrera e as posibles presas de Cierra Vacas, Molineto, Valhondo, etc.

**D.7** Defensa contra enchentes dos regatos Rivillas e Calamón.

A finalidade desta actuación é conseguir-la adecuada protección da poboación de Badajoz (persoas, bens e servicios) fronte ás enchentes dos regatos Rivillas e Calamón. As obras consistirán no acondicionamento dos leitos existentes e a construción de novos que permitan a evacuación dos caudais resultantes, segundo os criterios aplicados. As ditas obras completaranse coas precisas para a restitución das servidumes afectadas.

**D.8** Saneamento e depuración de augas residuais urbanas en Vegas Bajas.

A finalidade desta actuación é adecua-la calidade das augas dos leitos receptores e do propio río Guadiana ás previsións do Plan Hidrolóxico de cunca, segundo as directrices fixadas no Plan Nacional de Saneamento e Depuración de Augas Residuais. As obras que se van realizar consistirán na recollida de augas residuais das poboacións incluídas (Trujillanos, Esparragalejo, La Garrovilla, Torremayor, Guadiana del Caudillo, Pueblo nuevo del Guadiana, Valdebotoa, La Zarza, Alange, Calamonte, Arroyo de San Serván, Lobón, La Albuera, Talavera la Real e Villafranco del Guadiana) e o seu transporte ata os puntos de concentración que se deseñan para o seu tratamento nas estacións depuradoras correspondentes. A poboación que vai servir ascende a 140.000 habitantes equivalentes.

**D.9** Saneamento e depuración de augas residuais urbanas en zona de influencia do río Guadajira.

A finalidade desta actuación é adecua-la calidade das augas dos leitos receptores, ata o río Guadiana, ás previsións do Plan Hidrolóxico de cunca, segundo as directrices fixadas no Plan Nacional de Saneamento e Depuración de Augas Residuais. As obras que se van realizar consistirán na recollida de augas residuais das poboacións incluídas (Los Santos de Maimona, Feria, Fuente del Maestre, Villalba de los Barros, Aceuchal, Almenralejo e Solana de los Barros) e o seu transporte ata os puntos de concentración que se deseñan para o seu tratamento nas estacións depuradoras correspondentes. A poboación que se vai servir ascende a 150.000 habitantes equivalentes.

**D.10** Regulación do sifón do Odiel.

O proxecto presenta a construción dunha balsa de regulación de 140.000 metros cúbicos de capacidade, cunha superficie de encoramento de 67.500 metros cúbicos e un calado máximo de 2,2 metros.

A planta da balsa ten forma helicoidal, situándose entre desmonte e terraplén, e a súa impermeabilización conséguese por medio do tendido dunha lámina de polietileno de 2 milímetros de espesor. A conduxión de toma e de subministración está formada por dous encanamentos de 1.000 milímetros de diámetro interior e a súa capacidade máxima de subministración é de 2,70 metros cúbicos por segundo. A finalidade da balsa é a regulación dos caudais que se van subministrar pola canle do Piedras, na cabeceira do sifón do Odiel, que abastece a cidade de Huelva e as poboacións de Aljaraque, Punta Umbría e comarca do Andévalo, así como, pasados os leitos do Odiel e do Tinto, a zona industrial de Huelva, as poboacións de Palos e Moguer e as zonas regables de Avitorejo e Valdemarías.

**D.11** Presa de Alcolea.

As obras consisten na construción dunha presa do tipo arco gravidade sobre o leito do río Odiel para a

formación dun encoro de 274 hectómetros cúbicos. A presa terá unha altura máxima sobre o leito de 58 metros e unha lonxitude de coroación de 520 metros. O desaugadoiro, de labio libre situado no corpo de presa, dispón de 11 vans capaces de desaugar ata 2.076 metros cúbicos por segundo.

O encoro formado por esta presa, xunto co que se está proxectando de La Coronada, situado na cabeceira do río, regulará a cunca do río Odiel, que dispón do maior potencial de recursos da zona e dominará desde este, por gravidade, os focos fundamentais de consumo; a zona agrícola costeira, o abastecemento ás poboacións da zona sur, a zona industrial de Huelva e o paso da divisoria Tinto-marismas. A construción deste encoro tamén permitirá mestura-las augas que discorren ó longo do ano coas riadas, reducindo inicialmente por dilución, e posteriormente por decantación, a carga contaminante do conxunto ata os valores admisibles.

**D.12 Saneamento e depuración de augas residuais urbanas na comarca de Campiña Sur (Badajoz).**

A finalidade desta actuación é adecua-la calidade das augas dos leitos receptores ás previsións do Plan Hidrolóxico de cunca, segundo directrices marcadas no Plan Nacional de Saneamento e Depuración de Augas Residuais. As obras que se van realizar consistirán na recollida de augas residuais das poboacións incluídas (Llerena, Fuente de Cantos, Granja de Torrehermosa, Hornachos, Usagre, Llera, Maguilla, Valencia de las Torres e Oliva de Mérida) e o seu transporte ata os puntos de concentración que se desean, para o seu tratamento nas estacións depuradoras correspondente. A poboación atendida ascende a 65.000 habitantes equivalentes.

**D.13 Presa de La Colada.**

O obxectivo desta actuación é a regulación do río Guadamatilla para poder abastecer de auga as poboacións da comarca de Los Pedroches e zona norte da provincia de Córdoba, mediante unha presa de 30 hectómetros cúbicos, en termos municipais de Belalcázar, Santa Eufemia, Hinojosa del Duque e El Viso.

**E.1 Remodelación do río Guadalquivir ó seu paso polo termo municipal de Córdoba. 1.<sup>a</sup> fase.**

As obras de remodelación do río Guadalquivir, ó seu paso polo termo municipal de Córdoba, teñen como obxecto a protección contra as enchentes da cidade de Córdoba e dos asentamentos de poboación próximos ó núcleo urbano desta. Consisten basicamente en: a) Canalización tramificada do río Guadalquivir nunha lonxitude de 8.450 quilómetros; b) Canalización e embovedado do regato de Cantarranas nunha lonxitude de 940 metros; c) Remodelación da torre da Calahorra; d) Reparación e rehabilitado do azude de Las Casillas; e) Construción de muros de protección, do polígono industrial La Torrecilla, do parque recreativo e do parque de Miraflores; f) Acondicionamento do azude El Molino de Martos; g) Outras actuacións.

**E.2 Saneamento e depuración de augas residuais do municipio de Azuaga (Badajoz).**

Trátase de lles dar cumprimento ás condicións impostas pola Directiva 91/271/CEE, relativa ás augas residuais urbanas, transposta ó ordenamento interno polo Real decreto-lei 11/1995, do 28 de decembro. A finalidade desta actuación é adecua-la calidade das augas efluentes do municipio de Azuaga (Badajoz) ás directrices fixadas polo Plan Nacional de Saneamento e Depuración de Augas Residuais. A poboación servida é de 19.000 habitantes equivalentes.

**E.3 Interconexión dos sistemas do Víboras e Quiebrajano.**

O encoro do Quiebrajano e os mananciais do Mingo son as fontes de subministración do chamado "Sistema de abastecemento do Quiebrajano", que comprende os núcleos de Jaén, Fuente del Rey, Villardompardo, Escañuela, Arjona, Arjonilla, Higuera de Arjona, Pozcuna, Lopera, Higuera de Calatrava, Santiago de Calatrava, Valenzuela e Cañete de las Torres.

As fontes de Martos na cabeceira do río Víboras constitúen o aprovisionamento do denominado «Sistema de abastecemento do conxunto de Martos», que comprende os núcleos de Martos, Torredelcampo, Torredonjimeno e Jamilena, completando Martos e Torredelcampo as súas dotacións coa explotación do acuífero Jabalcuz-La Gran.

Durante o período de seca que sufriu esta zona nos últimos anos, demostrouse que estes dous sistemas son insuficientes para dotar adecuadamente de abastecemento os núcleos anteriormente citados, construíndose para iso a presa do Víboras, polo que para garanti-las dotacións adecuadas ás necesidades actuais destes sistemas se considerou necesario a súa interconexión (sistema Quiebrajano-Víboras), comprendendo as obras: a) Conducción xeral desde o encoro do Víboras á ETAP de Martos, b) Adecuación da ETAP de Martos; c) Conducción xeral para a interconexión da ETAP de Martos co partidor do Reventón (conducción existente do sistema Quiebrajano); d) Adecuación da conducción en sentido inverso Jaén-partidor do Reventón; e) Conexión entre as sondaxes da cabeceira do río Víboras (Gracia-Morenita); f) Conexión das sondaxes do Mingo e outros á conducción existente do encoro do Quiebrajano-ETAP de Jaén, e g) Conexión para abastecemento de núcleos dispersos existentes no sistema Víboras.

**F.1 Canalización do río Andarax, tramo final.**

O río Andarax discorre no seu último tramo a cota superior dos terreos colaterais, con lixeiras proteccións de camallóns de terra, o que produce frecuentes roturas destes, e inundacións. En caso de fortes enchentes, as inundacións afectan incluso a zonas periféricas da cidade de Almería con poboación superior ós 30.000 habitantes. Faise, por tanto, urxente declarar de interese xeral as obras do canalización de tramo final do citado río Andarax.

**F.2 Conexión Negratín-Almanzora.**

As obras necesarias para transvasar un volume anual de 50 hectómetros cúbicos, desde o encoro do Negratín en Granada ó de Cuevas del Almanzora en Almería están constituídas por:

Impulsión desde a canle de Jabalcón a Hoya de Baza. Canle Alto Jabalón de 4.340 metros en lámina libre. Canle Baza-Caniles de 28.715 metros en lámina libre. Galería Hijate de 4.105 metros.

Conducción Hijate a presa de Cuevas de 66.090 metros.

Presa do Alto Almanzora, que servirá de regulación.

Con estas obras trátase de reforza-la garantía de subministración para as necesidades totais de auga da provincia de Almería, tanto para regas como para abastecementos.

**F.3 Conexión presa de Cuevas del Almanzora-Poniente Almeriense.**

Obra fundamental para a infraestrutura e regulación hidráulica da provincia de Almería, tanto para a explotación de abastecemento como para regadíos. A unión do encoro de Cuevas del Almanzora coas chairas de Aguadulce, pasando polo campo de Níjar, levaría consigo

o transporte de auga de ata 140 hectómetros cúbicos por ano. A conexión coa central térmica de Carboneras poderá chegar ata 90 hectómetros cúbicos por ano. As obras fundamentalmente están constituídas por:

Central de bombeo na presa de Cuevas del Almanzora.

Conducción xeral desde bombeo a campo de Níjar e Aguadulce cunha lonxitude, aproximada, de 144 quilómetros.

Conexión coa central térmica de Carboneras e conducción xeral, cunha lonxitude, aproximada, de 27,45 quilómetros.

Conexión coas presas de Nacimiento e Canjáyar.

Conexión coa desaladora de Almería.

Rehabilitación da antiga presa Isabel II en Níjar, que servirá como encoro intermedio de regulación e poderá dotar de auga os regadíos do municipio de Níjar.

#### F.4 Actuacións para defensa e recarga dos acuíferos do Poniente Almeriense.

No Poniente Almeriense, dentro do denominado Campo de Dalías, atópase unha zona endorreica, sen saída directa ó mar. Os estudos realizados cualifican a esta zona de alto risco de inundación, cos maiores coeficientes de perigosidade. As actuacións programadas teñen como obxectivo, ademais de asegura-la drenaxe xeral da zona, paliar-la problemática derivada da explotación e deterioración da calidade das augas subterráneas mediante a infiltración no terreo. Dentro destas actuacións recóllense as obras de:

Presa de Carcauz.

Pantaneta de Celín.

Sistema xeral de evacuación de pluviais de El Ejido.

Defensa Carcauz balsa de El Sapo.

Acondicionamento balsa de El Sapo.

Desaugamento balsa de El Sapo.

#### F.5 Presa do encoro de Canjáyar.

Obra importante para xerar un aproveitamento regulado do río Andarax, o cal, en época de choivas torrenciais, perde no mar unha parte dos escasos recursos hídricos que existen na provincia de Almería. Así mesmo, trátase de evita-los danos que periodicamente se producen polas enchentes. A capacidade estimada é de 9,6 hectómetros cúbicos.

#### F.6 Presa do encoro de Nacimiento.

A cunca do río Andarax vén sufrindo as consecuencias de chuvias torrenciais. O mesmo tempo a irregularidade das achegas e a súa falta de regulación impiden a adecuada satisfacción das demandas de auga da zona. A capacidade do encoro, ó seu máximo nivel normal, está prevista en 25 hectómetros cúbicos.

A necesidade desta obra vén motivada por dúas razóns:

Evitar danos ocasionados polas enchentes.

Conseguir un mínimo de regulación do aproveitamento deste recurso tan escaso na provincia de Almería. Inclúese tamén a conexión coa presa de Canjáyar.

#### G.1 Restitución e adaptación do leito natural do barranco de Poyo (Valencia).

A rambla de Poyo ten unha cunca vertente de case 1.000 quilómetros cadrados moi sensible a precipitacións torrenciais. Diversas obras de infraestrutura mal deseñadas, ocupacións de leito e mesmo a desaparición física dalgúns barrancos ocupados por industrias e vivendas configura unha complexa rede hidrográfica na que cunha recorrencia de a penas cinco anos se producen

graves inundacións. As obras proxectadas garanten a eliminación ou redución significativa dos riscos de danos e de destrución que supoñen as enchentes e inundacións na zona, tanto en perda de bens materiais como de vidas humanas, toda vez que os terreos que atravesan na actualidade están invadidos por hortas, edificacións, incluso vivendas. En conxunto a poboación afectada, en 11 termos municipais, é da orde de 200.000 habitantes. Consisten na canalización de 41,8 quilómetros, de lonxitude de leitos, dos cales 10,8 quilómetros son de nova traza e nos 30 quilómetros restantes existe leito insuficiente na actualidade. No dito tratamento inclúese a restitución das infraestructuras afectadas, tales como conduccións de gas, electricidade, auga potable, saneamento, etc., incluso a restitución de pontes e obras de paso no cruzamento co ferrocarril, autoestrada e estradas varias.

#### G.2 Transferencia de recursos hídricos do Júcar á área Vinalopó-Alacantí-Marina Baja (Alacant).

As comarcas do Vinalopó, Alacantí e Marina Baja sofren a insuficiencia de recursos hídricos propios para satisfacer-las súas demandas sen poñer en perigo por sobreexplotación os acuíferos dos seus sistemas de explotación. Na actualidade o déficit hídrico satisfeito mediante a sobreexplotación dos mencionados acuíferos está avaliado no Plan Hidrolóxico do Júcar en 80 hectómetros cúbicos por ano. As obras que cómpre executar consisten nunha conducción desde o río Júcar con toma mediante impulsión nas inmediacións da presa de Tous e final nas inmediacións de Villena, onde están algúns dos acuíferos sobreexplotados e desde onde parten as infraestructuras existentes para conducir-los recursos ós centros de consumo. As obras completaranse coas de regulación, impulsión e recuperación enerxética que conveñan para optimiza-la súa xestión.

#### G.3 Proxecto de conducción Turia-Picassent para garantía do abastecemento de Valencia.

O abastecemento da cidade de Valencia e da súa área metropolitana aténdese desde as potabilizadoras de Picassent e Manises, que teñen que funcionar simultaneamente. Se ben a potabilizadora de Manises pode abastecerse indistintamente desde o río Turia ou desde o Júcar a través da canle Júcar-Turia, non ocorre o mesmo coa de Picassent que unicamente se abastece desde o Júcar a través da mencionada canle. Esta situación comporta, ademais da necesidade de recibir de forma continua recursos hidráulicos procedentes do Júcar, a imperiosa necesidade de manter funcionando a canle Júcar-Turia, con graves dificultades para o seu mantemento e grave vulnerabilidade ante o risco de roturas na canle. Estes problemas resólvense coa conexión Turia-Picassent, que permite garanti-la subministración de auga a Valencia e á súa área metropolitana, indistintamente desde os ríos Turia e Júcar, coas vantaxes de optimiza-la xestión, aumenta-la garantía do servicio e facilita-lo mantemento e a conservación da canle Júcar-Turia.

#### G.4 Abastecemento de Albacete.

O obxectivo do investimento é asegura-lo abastecemento de Albacete e a súa zona de influencia con augas superficiais de boa calidade procedentes do río Júcar, en substitución das actuais explotacións subterráneas que presentan problemas de calidade e cantidade, ó se produciren fortes descenso de piezométricos. A toma efectuarase no acueducto Texo-Segura, con auga procedente do río Júcar e cunha capacidade máxima de 1 metro cúbico por segundo. Así mellórase o actual abastecemento e protéxese o acuífero de La Mancha.

H.1 Abastecemento de augas a Zaragoza e á súa contorna.

As augas do río Ebro no tramo medio son de baixa calidade para o uso de abastecementos a poboacións, incumprindo, nalgúns casos, a normativa vixente sobre calidade mínima esixible para o dito uso. O abastecemento alternativo conducirá as augas do Pirineo procedentes do río Aragón, de calidade A-1, a través das infraestructuras do sistema de regas de Bardenas. A poboación que se vai abastecer é de 700.000 habitantes en cincuenta núcleos de poboación, entre eles a cidade de Zaragoza.

H.2 Abastecemento a Lleida e á súa comarca desde o encoro de Santa Ana.

O obxecto desta actuación é mellora-la explotación da canle de Piñana, realizando un uso máis racional da auga xa que na actualidade o abastecemento se efectúa por unha canle sen revestir e con importantes rixideces en canto a caudais mínimos circulantes. Ademais, garantirase unha mellor calidade da auga e aplicaranse as garantías de abastecemento fronte a roturas. As obras consisten na construción dunha tubería, duns 20 quilómetros de lonxitude, paralela á canle de Piñana, que conduza a auga desde o encoro de Santa Ana a Lleida e a outros núcleos da comarca. Os municipios que se van abastecer son os seguintes: Albesa, Alfarrás, Alguairre, Almenar, Alpicat, Beneret de Segriá, Corbins, La Portella, Lleida, Roselló, Torrefarrera, Torrelaneu, Torreseirona e Vilanova de Segriá, cunha poboación de 135.000 habitantes.

H.3 Abastecemento mancomunado ós núcleos do Baixo Ebro Aragonés.

As augas do río Ebro no tramo inferior a Zaragoza son de baixa calidade para o uso de abastecemento a poboacións, incumprindo frecuentemente a normativa vixente sobre calidade mínima exigible para o abastecemento. A alternativa proposta para o abastecemento ós núcleos do Baixo Ebro é cambia-la fonte de subministración do Ebro a augas procedentes do Pirineo, de calidade A-1. Os núcleos que se van abastecer son os comprendidos no tramo do Ebro entre La Puebla de Alfindén e Escatrón. A poboación que se vai abastecer é de 14.868 habitantes; a toma encóntrase ó final do tramo I da canle de Sástago pertencente ó sistema de regas do Alto Aragón. As obras consisten nun depósito de reserva nas inmediacións da toma e unha conducción paralela ó río Ebro cunha lonxitude total de 117 quilómetros.

H.4 Elevacións para os regadíos da Litera Alta.

No convenio interministerial entre o Ministerio de Obras Públicas e Transportes, a Deputación Xeral de Aragón, a Xeneralidade de Cataluña, a Comunidade de Regantes da Canle de Piñana, os produtores de enerxía hidroeléctrica e a Comunidade de Regantes da Canle Alguerri-Balaguer, denominado «Pacto de Piñana», para a mellora de infraestructuras e aproveitamentos hídricos da canle de Piñana, destínase o 50 por 100 dos caudais recuperados coa modulación de Piñana á canle de Alguerri-Balaguer e ás regas expectantes da Litera Alta. As actuacións consistirán na adecuación da capacidade de conducción das infraestructuras da canle de Aragón e Cataluña e na impulsión de caudais do río Noguera Ribagorzana e da canle de Aragón e Cataluña á zona da Litera Alta situada na intercunca dos ríos Esera e Noguera Ribagorzana. A superficie que se vai transformar é de 8.000 hectáreas.

H.5 Elevacións do Ebro ós regadíos infradotados da marxe dereita do Ebro, tramo Zaragoza-Fayón.

Esta actuación é complementaria da establecida pola Deputación Xeral de Aragón no Plan Estratéxico do Baixo Ebro Aragonés, instrumentado pola Lei 10/1997, do 17 de novembro, pola que se prevé a transformación en regadío de 20.000 hectáreas. O obxecto deste proxecto é a construción das infraestructuras básicas para complementalas dotacións ós regadíos infradotados e a zonas periféricas das cuncas dos ríos entre Aguas Vivas e Matarraña. A superficie de rega afectada é de 6.000 hectáreas.

H.6 Encoros laterais no Sistema de Regas de Bardenas.

A zona regable de Bardenas foi declarada de alto interese nacional con data 19 de outubro de 1951. O obxecto do investimento é dotar dunha regulación interna a canle de Bardenas que flexibilice a explotación da propia canle e permita un uso máis eficiente da auga. A capacidade dos encoros é de 41,5 hectómetros cúbicos, distribuída en tres vasos: encoro de Malvecino, situado na canle de rega de Cinco Villas; encoro de Carcastillo, situado na canle de rega de Navarra, e encoro de Laservé, situado na canle de rega de Sora. A regulación interna, á parte de racionaliza-la xestión da auga no sistema de regas de Bardenas, permite contar cun aumento da regulación do sistema importante e a posibilidade de poder transformar amplas superficies de rega xa existente en rega á demanda, con respostas máis áxiles e eficientes no uso da auga.

I.1 Arterias de conducción e depósitos regulares para o abastecemento de auga ós municipios de Calviá e Andratx (Mallorca).

Estas obras teñen por obxecto mellora-lo abastecemento de auga dos municipios de Calviá e Andratx mediante a achega dos caudais precisos procedentes da instalación desalgadora de auga de mar da baía de Palma. Consistirán, en esencia, na construción de dous depósitos de regulación e as correspondentes arterias de alimentación e distribución xeral. As arterias de alimentación e de distribución xeral terán unha lonxitude total de aproximadamente 23 quilómetros e consistirán en tubos de fundición dúctil, de diversos diámetros, enterrados en gabia, mailas instalacións e elementos complementarios correspondentes. Os depósitos reguladores serán de formigón armado e terán unha capacidade útil de 20.000 metros cúbicos cada ano.

## ANEXO II

1. Balsa de El Serrón-zona regable da canle de La Retención (Palencia).

Trátase das obras para mellora-la rega de 1.030 hectáreas, mediante a construción dunha balsa con capacidade para 185.438 metros cúbicos, así como as obras anexas de tubería para encher e conecta-las canles de rega principais, cunha lonxitude de 2.140 metros.

2. Recarga do acuífero de El Carracillo. Obras de toma, conducción principal, infiltración e adecuación das zonas regables (Segovia).

Para a recarga proxéctase realizar un transvasamento do río Cega á comarca de El Carracillo, consistente na construción dun azude, unha canle de lámina libre de 900 metros de lonxitude, un tramo de tubería de 13.505 metros de 1.200 milímetros de diámetro e outro tramo final de 5.759 metros de tubería de 1.000 milímetros,

cun caudal máximo para transvasar de 1,37 metros cúbicos por segundo. O período de recarga considerado é desde o 1 de novembro ó 1 de maio.

3. Recarga do acuífero da cubeta de Santiuste de San Juan Bautista. Obras de toma, conducción principal, infiltración e adecuación das zonas regables (Segovia).

Para a recarga da cubeta de Santiuste de San Juan Bautista (Segovia) preténdese un transvasamento desde o río Voltoya ata a citada cubeta. As obras que hai que realizar consisten nun azude de derivación no citado río e unha tubería de 9.823 metros de lonxitude e 1.100 milímetros de diámetro, derivándose un caudal de 1 metro cúbico por segundo. O período de recarga considerado é desde o 1 de novembro ó 1 de maio.

4. Proxecto complementario de reparación de danos por inundacións nas obras de canalización do río Ucieza (Palencia).

As obras obxecto do presente proxecto consisten na reparación dos danos ocasionados polas inundacións de decembro de 1995 e xaneiro de 1996 na canalización do río Ucieza en Palencia, consistentes en, ó longo de 13.138 metros de río, achegar 57.738 metros cúbicos de terras en noiros, formación de 31.976 metros cúbicos de terraplén en banquetas, retirada de 15.000 metros cúbicos de gravas e replantación de 2.500 árbores e colocación de 6.200 metros cúbicos de dique.

5. Proxecto complementario de reparación de danos por inundacións nas obras de canalización do río Valdecuriada (Palencia).

O resumo das obras que comprende o presente proxecto corresponden á reparación de danos ocasionados nas inundacións de decembro de 1995-xaneiro de 1996 consistentes na achega de 32.236 metros cúbicos en terras de reposición de noiros, 25.789 metros cúbicos en reposición de banquetas, retirada de 12.000 metros cúbicos de grava e plantación de 1.870 árbores.

6. Acondicionamiento da rede de canles de rega en Ardón (León).

Acondicionamiento da rede de canles de rega, saneamento e camiños de servicio nunha superficie de 446 hectáreas de regadío.

7. Acondicionamiento da rede de canles de rega en San Esteban de Nogales (León).

Acondicionamiento da rede de canles de rega, saneamento e camiños de servicio nunha superficie de 362 hectáreas.

8. Proxecto de substitución de canles da rede de rega na zona de concentración parcelaria de Castrocabón (León).

As obras que se proxectan son: demolición de 49.370 metros de canles de rega; construción de 1.117 metros de rede de rega con tubería de 315 milímetros de diámetro; 49.619 metros de canles de rega prefabricadas; reparación de 80.133 metros de camiños e sinalización.

9. Proxecto de mellora da captación da estación elevadora da zona regable da marxe esquerda do río Esla en Barcial del Barco (Zamora).

O proxecto inclúe basicamente as obras de toma; construírse unha canle, de aproximadamente 24 metros, entre o río Esla e a obra de paso. Instalaranse comportas que permitan illa-la toma de auga, así como reixas para impedi-lo paso de ulvas e restos de vexetación.

10. Acondicionamento e mellora do regadío existente en Huerta de Valdecarábanos (Toledo).

Substitución de canles de rega en terra por canles prefabricadas. Tomas de rega para cada parcela. Construción de cinco azudes para derivación de auga desde o regato. Construción dunha balsa de 8.000 metros cúbicos. A superficie que se vai regar é de 123 hectáreas.

11. Conducción desde o encoro do Fresneda á zona regable de Mirones, no predio «Encomienda de Mudela», termo municipal de Calzada de Calatrava (Ciudad Real).

Trátase de dotar de auga a zona de regadío do predio «Encomienda de Mudela», nunha superficie de 160 hectáreas, que afectará a 32 concesionarios do Instituto de Reforma e Desenvolvemento Agrario. A lonxitude total da tubería proxectada é de 13.049 metros, cunha repercusión por hectárea regable de 987.741 pesetas.

12. Actualización, racionalización e mellora da rede de regas e instalacións anexas da zona regable de El Saltador. Huércal-Overa (Almería).

O obxecto fundamental das obras é conseguir un mellor uso da auga e das condicións productivas dos regadíos afectados. As obras que se van executar consisten na construción de dúas balsas, de 25.000 e 30.000 metros cúbicos de capacidade, 1.090 metros de tubería de impulsión, catro estacións de bombeo cunha potencia instalada de 1.185 CV, dous centros de transformación cunha potencia instalada a 2.000 kVA e 109.000 metros de tubería para a rede de distribución do rega.

13. Mellora do regadío de Mira (Cuenca).

Trátase da substitución de canles de rega en terra por tuberías enterradas de PVC e instalación de tomas de rega para cada parcela, así como de válvulas de comporta para illar tramos de tuberías en caso de avaría, para una superficie regada de 147 hectáreas, ás que lles corresponde una lonxitude de tubería de 14.859 metros.

14. Mellora do regadío de Landete (Cuenca).

Trátase da substitución de canles de rega en terra por tuberías de PVC de 4 e 6 atmosferas de presión e da instalación de tomas de rega para cada parcela, válvulas de comporta para illar tuberías en caso de avaría e ventosas e desaugadorios de fondo necesarios. A superficie regada é de 256 hectáreas.

15. Mellora do regadío de Cañete (Cuenca).

Substitución de canles de rega en terra por tuberías enterradas de fibrocemento e PVC. Proxéctanse tuberías de presión co obxecto de que parte da zona poida substituí-la actual rega a pé por rega por goteo ou aspersión, aproveitando o desnivel existente e sen necesidade de bombeo. Instalaranse as correspondentes tomas de rega por parcela e as válvulas de comporta necesarias para illar tramos de tubería en caso de avaría. A superficie que se vai regar é de 300 hectáreas.

16. Transformación en regadío do sector V da zona regable de Monegros II (Zaragoza-Huesca).

Inclúe o presente proxecto tódalas obras necesarias para a transformación en regadío do sector V de Monegros II, incluíndo as redes de distribución de auga, camiños e desaugadorios. A superficie total regable do sector V é de 2.347 hectáreas, das que 1.378 hectáreas o son con presión natural. A rede de distribución de auga ten unha lonxitude de 45.536 metros con diámetros que oscilan entre 140 milímetros e 350 milímetros. En canto ás redes de camiños e desaugadorios, as súas



lonxitudes ascenden a 44.295 metros e 22.927 metros, respectivamente.

17. Proxecto de rede de camiños do sector VIII de Monegros II, 1.<sup>a</sup> parte-2.<sup>a</sup> fase, termos municipais de Almolda e Bujaraloz en Zaragoza e Peñalba e Fraga en Huesca.

Execución de 20 camiños cunha lonxitude de 101.670 metros. Superficie afectada 11.688 hectáreas. Superficie de rega 6.341 hectáreas.

18. Proxecto de entroncamentos e drenaxes nos sectores I e II, e desaugadoiros de Valdepatao en Monegros II (Huesca).

Trátase de empalma-los desaugadoiros e drenaxes dos sectores I e II, que foron executados nas súas propias obras cos colectores que vai construí-la Confederación Hidrográfica do Ebro. Ó mesmo tempo, evítanse filtracións que afectan os foxos e medianas da autoestrada A-2, estremeira cos sectores.

19. Proxecto de obras de recubrimento con formigón, do tramo final do río Guarre e parte dos brazais XII e XIII do lugar de El Cabezuelo Alfaro (La Rioja).

As obras proxectadas consisten na mellora e acondicionamiento de canles de rega nunha lonxitude de 1.570 metros e que afectan a rega de 700 hectáreas.

20. Proxecto do plan de mellora de regadíos-fase I da Comunidade de Regantes Río Ebro de Alfaro (La Rioja).

As obras consisten na mellora e acondicionamiento de 4.969 metros de canles de rega da Comunidade de Regantes.

21. Proxecto de revestimento con formigón de dous tramos da canle de rega Madre Casco Dehesilla en Calahorra (A Rioxa).

Trátase da reconstrución dunha canle de rega principal cunha lonxitude de 1.600 metros para mellora-la rega de 600 hectáreas.

22. Proxecto de revestimento con formigón dun tramo da canle de rega Madre General de la Ribera de Calahorra (A Rioxa).

Trátase de mellorar un tramo de canle principal de 961 metros co que se mellorarán 462 hectáreas.

23. Proxecto de entubación e regulación da canle de rega principal de Cubells-Camarasa (Lleida).

As obras proxectadas consisten na entubación dun tramo de canle de rega de 7.262 metros con filtracións e moi deteriorada, e na construción de dous encoros de 9.000 e 10.000 metros cúbicos, respectivamente. O tipo de tubería que se vai empregar será de formigón de tipo campá con xuntas de goma de 100 centímetros de diámetro. A superficie que se vai mellorar é de 365 hectáreas.

24. Proxecto de mellora da rega da Comunidade de Regantes da Canle de Sant Llorents e Gerb-2.<sup>a</sup> fase, termo municipal de Os de Balaguer (Lleida).

O proxecto comprende a mellora da rede secundaria de rega nunha superficie de 542 hectáreas mediante a execución de 14.404 metros de tubería de 400 e 500 milímetros de formigón vibroprensado con xunta de aneis de argamasa de cemento e obras especiais.

25. Modernización do regadío da Comunidade de Regantes da Canle de Los Cuatro Pueblos. Alto Urgell (Lleida).

Mellora de regadío en 522 hectáreas aproximadamente mediante mellora da canle xeral e cambio de sistema de rega de gravidade a aspersión.

26. Mellora da Comunidade de Regantes número 3 de Bellcaire de Urgell (Lleida).

Trátase de mellora-los regadíos desta Comunidade coa dobre intención de mellora-las operacións de rega e conseguir un mellor uso da auga.

27. Mellora do sistema de rega na conducción principal, obras auxiliares e rede de rega (I, II e III fases) Xerta (Tarragona).

Consiste na captación e regulación da auga procedente dun manancial para o que se construírá: ampliación depósito de 2.500 a 3.200 metros cúbicos. Pozo de captación para estación de bombeo. Batería de filtración autolimpable. Rede de distribución de 17.400 metros e 543 tomas. A superficie mellorada ascende a 150 hectáreas.

28. Estación de bombeo para desaugadoiro superficial da zona da Fortaleza en Poble Nou do Delta. Amposta (Tarragona).

As obras consisten na construción de estación de bombeo para un caudal punta específico de 3,61 litros/segundo/hectárea proveniente de choiva, sobran-tes de rega e filtracións, para evitar danos agrícolas nunha extensión aproximada de 170 hectáreas.

29. Mellora de abastecemento de auga para rega e rede de distribución na illa de Gracia. Delta do Ebro (Tarragona).

Como indica o título trátase de mellora-la subministración de auga de rega para asegura-la viabilidade do sistema de produción en regadío.

30. Substitución de comportas automáticas en desaugadoiros do Delta Esquerdo do Ebro. Perelló Deltebre (Tarragona).

Trátase dunha actuación de mellora das condicións de explotación da rede de desaugadoiros do Delta, imprescindibles para a viabilidade da produción agrícola.

31. Proxecto de drenaxe do Plà de Sant Jordi-sector I (Palma de Mallorca).

O resumo das obras proxectadas ten como finalidade a drenaxe do sector I do Plà de Sant Jordi cunha superficie de 102 hectáreas e cun desenvolvemento da rede de drenaxe de 5.353 metros.

32. Proxecto de acondicionamiento das obras e instalacións para a rega de La Marineta Petra-Aryani (Mallorca).

O proxecto comprende a revisión e posta a punto das obras e instalacións da rede de rega dunhas 100 hectáreas, co fin de as poñer en servizo.

33. Mellora e modernización dos regadíos tradicionais da Vega Alta do río Segura, termo municipal de Cieza (Murcia).

As obras que se van realizar teñen por finalidade a mellora e modernización dunha superficie de rega dunhas 4.584 hectáreas, no termo municipal de Cieza (Murcia), consistindo, fundamentalmente na substitución do leito en terra das canles de rega denominadas de «Los Charcos» e «El Horno» por tubería de formigón vibroprensado, cunha lonxitude duns 17.920 metros a primeira e 7.450 metros de segunda; construción de 16 encoros cunha capacidade total de 155.000 metros

cúbicos; execución de catro impulsións con tubería de 500 milímetros de diámetro; 60.250 metros de rede de tuberías de rega e 34.700 metros lineais da rede de camiños.

34. Plan de modernización dos regadíos tradicionais de Jumilla, 2.<sup>a</sup> fase. Proxecto de conducións secundarias (Murcia).

O presente proxecto forma parte dunha actuación global destinada a mellorar e modernizar os regadíos tradicionais da zona regable da Comunidade de Regantes «Miraflor», situada no termo municipal de Jumilla (Murcia), cunha superficie regable de 1.500 hectáreas, afectando a 898 explotacións. As obras proxectadas son as correspondentes á construción de tódalas redes de rega secundarias, que conducirán a auga desde as conducións xerais ata cada una das parcelas, incluíndo os equipos de filtrado para rega por goteo coas súas correspondentes casetas por sector de rega e arquetas de protección de hidrantes. A lonxitude total das conducións que se van realizar ascende a 84.076 metros sendo o número de casetas de filtrado que se van construír de 34 unidades e o de arquetas de protección de hidrantes de 1.586 unidades.

35. Mellora de canle de rega en Bolvir. Cerdaña (Girona).

Trátase dunha mellora de regadíos mediante o revestido da canle de rega principal que evite perdas e facilite a súa conservación no futuro.

36. Rede secundaria de distribución de augas depuradas desde Montaña de Los Vélez, 2.<sup>a</sup> fase. Las Palmas.

37. Distribución de augas depuradas de sueste, tramo «Casa Pastores-Tirajana». Las Palmas.

Estes dous proxectos pretenden mellorar o balance hídrico da illa mediante a reutilización de augas residuais urbanas depuradas conectándoas ás redes de distribución de auga de rega existentes no sur.

**20677** *REAL DECRETO-LEI 10/1998, do 28 de agosto, polo que se conceden créditos extraordinarios, por importe de 4.282.495.737 pesetas, co fin de proceder á regularización orzamentaria dos gastos realizados entre os anos 1986 e 1996 polas representacións diplomáticas e consulares.* («BOE» 207, do 29-8-1998.)

O Goberno, ante a necesidade urxente de coñecer con exactitude o estado das finanzas públicas que permitise unha correcta determinación temporal do déficit e do cumprimento do obxectivo de converxencia en materia de déficit público que establece o Tratado da Unión Europea para a entrada na unión monetaria, aprobou o Real decreto-lei 12/1996, do 26 de xullo.

Por medio do regulado polo citado real decreto-lei o Estado procedeu a asumir diversas obrigas de exercicios anteriores, para o que foi preciso conceder varios créditos extraordinarios para formalizar anticipos de fondos e atender diversas insuficiencias orzamentarias da práctica totalidade dos departamentos ministeriais.

No ámbito do mencionado real decreto-lei non foi posible incluír no seu momento a regularización dos gastos correspondentes ó Ministerio de Asuntos Exteriores debido ás especiais circunstancias que se producían como consecuencia de os pagamentos se realizaren en moeda estranxeira, de os xustificantes se encontraren nas representacións de España no exterior e de non existiren obrigas pendentes de pagamento con terceiros.

Estas obrigas xa foran previamente satisfeitas, pois a demora no seu aboamento tería ocasionado un prexuízo irremediable no funcionamento das ditas representacións e na imaxe nos países en que se encontra representada.

Efectivamente, as diferentes representacións dependentes do Ministerio de Asuntos Exteriores que forman parte da organización xeral do Estado no exterior, de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, deberon proceder a realizar gastos ineludibles que lles permitisen cumprir as funcións de representación, apoio ós españois desprazados a terceiros países, defensa dos intereses de España no exterior, garantía dos actos de política exterior, que inclúen temas como a cooperación internacional, o apoio a países menos desenvolvidos e a protección de refuxiados de terceiros países, colaboración coas institucións e organismos españois que actúen no exterior e apoio ás delegacións oficiais e grupos de traballo doutros departamentos ministeriais, organismos públicos, comunidades autónomas e demais administracións españolas cando os seus representantes se desprazan ó exterior.

Todas estas actuacións desenvolvéronse en países con condicións de mercado e contractuais moi diferentes, o que en moitos casos se traduciu na imposibilidade de lograr xustificantes dos gastos cuns requisitos que para outros países se consideran normais.

Así, unha vez analizadas as situacións das diferentes representacións, constatouse a existencia de diversos gastos anteriores ó exercicio 1997, a realización dos cales se efectuou nas diferentes divisas nas que actúan aquelas, por un importe de 4.282.495.737 pesetas, conforme tipo de cambio das divisas no 31 de decembro de 1996, que, inicialmente, foron atendidos, ó abeiro do que establece o artigo 80 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, con cargo ós ingresos obtidos nas ditas representacións, aínda que posteriormente non se produciu a aplicación ó orzamento dos correspondentes gastos e ingresos.

A non realización no seu momento dos pagamentos derivados do funcionamento ordinario das diferentes embaixadas, oficinas consulares e demais misións tería suposto a paralización do funcionamento das case dúas-centas representacións, ó desatendérense obrigas fronte a terceiros que, no mellor dos casos, derivarían en preitos e reclamacións contra o Estado español, cando non, xunto ó anterior, en cortes de subministracións ou a suspensión dos servizos prestados polas empresas, sen considera-la perda de imaxe que isto suporía para España.

Esta situación foi analizada en varios informes do Tribunal de Contas. Para estes efectos, co fin de regularizar, resolver e dar cumprimento ás observacións que formulan no seu informe emitido o 18 de setembro de 1997, relativo á Conta Xeral do Estado do exercicio 1995, considérase urxente proceder á aplicación ó orzamento das contías postas de manifesto polo Alto Órgano estimando o Goberno a necesidade de conceder un crédito extraordinario para cubrir as insuficiencias orzamentarias de exercicios anteriores a 1997, de forma que se logre un adecuado reflexo orzamentario das situacións referidas nos puntos anteriores, ó tempo que se regularicen os ingresos correspondentes, sen que, por tanto, o crédito extraordinario produza efectos monetarios.

Na súa virtude, facendo uso da autorización que outorga o artigo 86.1 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e do ministro de Asuntos Exteriores, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 1998,